

Decreto.

Antecedentes:

1. Mediante resolución da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ao abeiro do disposto na Orde do 28 de decembro de 2023, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro), concedéuselle ao Concello unha subvención por importe de: 30.000,00 €, sobre un orzamento de gasto total de: 40.000,00 euros, IVE incluído, para o proxecto denominado: **Adquisición de vehículo híbrido enchufable cero emisións**, dentro da liña en concorrencia competitiva (artigo 3.1.b) segundo memoria presentada xunto coa solicitude da subvención.

Preténdese dotar ao Concello dun vehículo híbrido enchufable novo, con distintivo ambiental cero emisións, para facilitar as saídas necesarias nas labores de obras, inspeccións, asistencia social, notificacións... en todo o termo municipal.

Este concello, aínda que conta cun núcleo de poboación urbano, é predominantemente un concello rural, con pequenos núcleos de poboación moi dispersos, polo é preciso ter un vehículo para desprazarse ata eles.

O vehículo que posúe o Concello é un turismo Citroen c3 hdi70 magic, matrícula 2088CSB, que, segundo a documentación, data do ano 2.004 e ten máis de 300.000 km.

Debido a súa antigüidade sofre constantes avarías, o que implica costes continuos e, debido ao seu carburante, gasoil, ten un nivel de emisións alto.

Recentemente o Concello instalou dous puntos de recarga de vehículos eléctricos, marca circuntor modelo urban master ccs2 (unha toma, con conector CCS Combo 2, 920Vc.c., 70 A, 25 kW), que permiten un modo de carga de tipo 4.

Un dos puntos de recarga, sito na zona da Carballeira de Sta. Minia (próximo ao Concello e na que pretendemos cargar o vehículo) aliméntase, indirectamente, dunha instalación solar fotovoltaica de 20 módulos fotovoltaicos de 4600W, cada un, que proporciona unha potencia pico total de 9,2 kW.

O Concello está así apostando polo uso de enerxías renovables e pola limitación das emisións.

O vehículo híbrido enchufable con distintivo ambiental cero emisións, permitiría ao Concello prestar un servizo eficiente, de calidade para os veciños e respectuoso no que se refire á protección do medio ambiente.

2. Mediante providencia da alcaldía do 17.06.2024 iniciouse o procedemento para contratar o subministro de: vehículo híbrido enchufable cero emisións, e realizar a contratación do subministro cun orzamento de: 40.000,00 euros, IVE incluído, por procedemento aberto simplificado previsto no art. 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación, de apreciación automática e mediante xuízo de valor, consonte co disposto no artigo 159.1.b) da LCSP, mediante anuncio no perfil de contratante do Concello, ordenando emitir os informes preceptivos.

Fundamentos de Dereito.

1. A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares é competencia do órgano de contratación (art. 117 da LCSP).

2. Consonte co disposto no artigo 159.1 da LCSP a forma de adxudicación deste contrato será polo procedemento aberto simplificado.

3. O artigo 117 da LCSP regula a aprobación do expediente de contratación.

4. O valor estimado do contrato non supera os límites cuantitativos establecidos no apartado 1º da Disposición Adicional Segunda da LCSP, polo que corresponde a competencia para a súa adxudicación á alcaldía.

Vistos os informes preceptivos de secretaría e de intervención, no uso das atribucións que me confiren as disposicións en vigor, **resolvo:**

1º) Aprobar o expediente de contratación e iniciar a licitación por procedemento aberto simplificado, previsto no art. 159.1 da LCSP, mediante publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público, con varios criterios de adxudicación, de apreciación automática e mediante xuízo de valor.

2º) A Mesa de Contratación que actuará será a permanente do Concello cuxa composición figura no PCAP.

3º) Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e de prescricións técnicas (PPT) do expediente, que han rexer no contrato, asinados por esta alcaldía e pola arquitecta municipal respectivamente.

4º) Autorizar o gasto por importe de: 40.000,00 euros, IVE incluído, con cargo á aplicación: 920.62400 do orzamento, onde existe retido crédito por intervención.

5º) Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante para os efectos da presentación de ofertas polos licitadores.